

SMI 2023

Hoxe publicouse no BOE o Real Decreto 99/2023, de 14 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2023. Ver o texto completo [\(Aquí\)](#).

Desta vez o SMI se dignifica; a subida do 8% do SMI neste 2023 supón un avance sen paliativos, supón facer o que hai que facer, supón ocuparse das persoas esquivadas polo sistema. Pero tampoco caíamos no triunfalismo, nunha compracencia esaxerada que nos faga esquencer que este mesmo goberno incumpriu nos anos anteriores con esta obriga. Lembremos que no ano 2021 a suba foi inferior ao IPC; lembramos que o IPC do 2020 foi dun 0,9% e a suba do SMI foi dun 0,527% nese ano aínda que se rematase a 31 de decembro cunha suba do 1,579%. Lembremos que no ano 2022, tendo en conta que o IPC do ano 2021 foi do 6,5%, a suba do SMI supón o 3,267%. Lembremos que a promesa electoral era chegar ao 2023 aos 1200 euros e NON SE CUMPRE.

Isto significa que temos que seguir pelexando por un salario mínimo digno, non deixar que se perda o conseguido e non conformarse.

COMO QUEDA O SMI NO 2023?

Desde o 1 de xaneiro o SMI é de 1.080 euros en 14 pagas ou de 1.260 en 12 pagas.

E COMO SERÍA SE NON TEÑO XORNADA COMPLETA?

Sería simplemente establecer a proporcionalidade correspondente.

O primeiro que debemos saber é cantas horas de traballo semanais marca o noso convenio como xornada completa. Despois ver se nos pagan en 12 pagas (coas pagas extras prorrateadas) ou en 14 pagas. No primeiro caso dividiremos 1260 euros entre as horas marcadas; no segundo dividiremos 1080 euros entre as horas marcadas. Así temos o valor dunha hora, polo que multiplicando polas horas semanais que temos no noso contrato saen as cantidades brutas que temos que cobrar.

QUE TEMOS QUE FACER AGORA?

Ante todo, impedir que ningún sindicato asine salarios por debaixo do SMI. Desde SNEP imos facer pública esta situación, no caso de que así suceda, e agardamos que as persoas traballadoras non o permitan e pidan responsabilidades a quen o faga.

DIGNIFICACIÓN SALARIAL, XA!

A información para todas e todos

<https://snepdeg Galicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>